



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 26 de xaneiro de 2017, á vista da solicitude de avaliación achegada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

RUXOLITINIB

no tratamento de pacientes adultos con ECOG ≤ 2 ⁽¹⁾, nas indicacións de:

1. Mielofibrosis primaria ou secundaria a Policitemia Vera ou a Trombocitemia esencial (segundo criterios OMS 2008)⁽²⁾, de risco alto ou intermedio-2 segundo Índice de Pronóstico Internacional (IPSS), en aqueles pacientes que:

- Presenten esplenomegalia sintomática e/ou síntomas constitucionais, e
 - Utilizaran previamente os tratamentos dispoñibles, ou os pacientes non foran candidatos a estes.
- Non se considera adecuado o tratamento con ruxolitinib a pacientes con mielofibrosis primaria ou secundaria, en calquera das seguintes circunstancias:*
- Pacientes que presenten un recuento de plaquetas $< 50.000/\text{mm}^3$,
 - Pacientes que presenten esplenomegalia asintomática e que non presenten síntomas constitucionais,
 - Pacientes que presenten unicamente anemia intensa como manifestación fundamental da mielofibrosis.

2. Policitemia Vera resistente ou intolerante á hidroxiurea (segundo criterios European LeukemiaNet)⁽³⁾, en aqueles pacientes que:

- Presenten esplenomegalia sintomática e/ou síntomas constitucionais, e
- Sexan candidatos a citorredución, e
- Utilizaran previamente os tratamentos dispoñibles, ou os pacientes non foran candidatos a estes.

⁽¹⁾ ECOG ≤ 2 , excepto aqueles pacientes nos que o ECOG > 1 estea claramente en relación coa enfermidade de base.

⁽²⁾ Swerdlow SH, Campo E, Harris NL et al. WHO Classification of Tumors of Haematopoietic and Lymphoid Tissues. Lyon: International Agency for Research on Cancer Press, 2008.

⁽³⁾ Barosi G, Birgegard G, Finazzi G, et al. A unified definition of clinical resistance and intolerance to hydroxycarbamide in polycythaemia vera and primary myelofibrosis: results of a European LeukemiaNet (ELN) consensus process. Br J Haematol 2010;148:961-3.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

O presidente da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica



Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde